

# Contribución pra un estudio das partículas comparativas *que=ca* e *como=coma* en galego

ANTÓN SANTAMARINA

Universidad de Santiago

1 Un problema gramatical no que os escritores galegos se comportan con enorme vacilación é o do emprego das partículas<sup>1</sup> comparativas *ca=que* e *coma=como*. Abonda un análisis ben superficial de calquera obra literaria pra nos decatarmos deste feito. Compre, aínda así, ter en conta que as máis das veces a escolla entre *que* ou *ca*, *como* ou *coma* é consciente porque tales partículas na fala viva aparecen maioritariamente coa vocal final asimilada á vocal inicial da palabra seguinte. Como na escritura tales contraccións non se realizan (especialmente despóis do acordo de Galaxia de eliminá-lo apóstrofo) a restitución dun *-e* ou dun *-a* (*que/ca*) e dun *-o* ou dun *-a* (*como/coma*) é forzosamente pensada. Na escolla, algúns, quizáis por razóns de tipo eufónico, usan alternativamente *que* ou *ca*. Outros autores desterran case sistematicamente unha das dúas formas concurrentes según un criterio diferencialista (os que desterran *que* e *como* por fuxir da identidade co castelán) ou ben según un criterio purista (os que desterran *ca* e *coma* por consideralas vulgares).

2 As gramáticas galegas pouco aportan á solución do problema. Saco<sup>2</sup> non menciona a vacilación *ca=que* en § 26 e 211 onde se fala da comparación; pra el sóio parece existir *ca*. Comoqueira que sexa no § 185 atopámo-lo seguinte exemplo: *En vos iso é mais delito que niles. Como e coma* menciónnaas como dúas partículas diferentes no § 210. Os exemplos que dá, inválidan esta separación.

<sup>1</sup> Referímonos co nome neutro de *partícula* ó que en realidade se podería chamar *conxunción comparativa* ou *adverbio relativo de comparación*. A oración introducida por *ca=que* (ou *coma=coma*) é, no noso ver, adverbial, pois incide sobre un adxetivo un verbo ou un adverbio de xeito semellante a como fai un adverbio propiamente dito. Discrepamos nesto de E. ALARCOS ("El español "que"" en *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1970, pp. 193-206, especialmente 204-206) en canto a que el considera análogos o primeiro e segundo membro da comparación e a partícula ten, polo tanto, valor copulativo. "La diferencia entre /que/<sup>3</sup> y la conjunción /y/ estriba no en la función sintagmática sino en los valores semánticos de los términos que unen". (Ibíd. p. 205). Paréceme máis lóxico pensar nos chamados segundos términos da comparación como adverbios estensos. Proba desto é que con gran frecuencia ese segundo término e substituíble por un adverbio de cantidade non-estenso: *É [máis] ruín [ca un veleno] = É [moi] ruín, Come [coma un sabañón] = Come [moito], Eso está [máis] lonxe [có fin do mundo] = Eso está [moi] lonxe.*

<sup>2</sup> SACO Y ARCE, Juan A., *Gramática Gallega*, Lugo, 1868. Hai unha 2.<sup>a</sup> ed. que non é senón unha reimpresión algo amañada da 1.<sup>a</sup>, publicada por Gráficas Tanco, Orense, 1968.

Pra Valladares<sup>3</sup> non existen senón *que* e *como* según deducimos do que se di na p. 40 da *o. c.*, onde se fala do comparativo. Non resulta estraño que Valladares rexeite *ca* e *coma* quizáis por consideralas vulgares. É ben sabido que este gramático foi vítima de prexucios antivulgarizantes según queda patente no fero ataque que fai contra a “geada” na p. 20 da *o. c.*

Lugris<sup>4</sup>, §§ 80, 81 dá unha norma totalmente confusa e arbitraria. Di testualmente: “Van [os adxetivos] xeneralmente precedidos do adverbio *mais*, para sinalar a superioridade, *menos* para a inferioridade e *tan* para a igualdade; e neste caso *que* trócase en *ca*”. E un pouco máis adiante sigue, “Cando a partícula *ca* vai dinantes dun pronome seguido de sustantivo escríbese *que*, v. g.: *a miña nena baila millor que a miña sogra*”. Non son precisos comentarios.

Couceiro Freijomil<sup>5</sup> ó falar dos grados de significación do adxetivo (*o. c.* p. 133) sinala a vacilación *coma*=*como*, *ca*=*que* sin máis explicación.

Carballo<sup>6</sup> en § 2 *e*, onde fala da comparación do adxetivo rexistra ambas posibilidades anque parece dar preferencia a *ca* e *coma* asegún se deduce da alternativa parentética que se dá pra *que* e *como*. Nada nos di de se a súa distribución é arbitraria ou complementaria.

Pola súa banda Carré<sup>7</sup> en § 22, anque non fala explícitamente das partículas de relación rexistra tamén a alternativa *ca*=*que*, mesmo diante do pronome personal oblicuo. Parece dar sin embargo, preferencia a *que*, pois sóio aparece *ca* nun dos 6 exemplos que ofrece. Pra comparación de igualdade, na parte gramatical descriptiva, sóio dá un exemplo é tén *como*: *A miña chousa é tan vizo.a como a tua*. Por eso, na antoloxía de locucións que dá en § 69 aparecen arbitrariamente *como* e *coma*. V. p. ex. *Correr coma o sapo pola cinza, Craro como a luz*.

¿Reflexa esto unha situación da fala viva? En realidade esa vacilación que apreciamos na literatura e mesmo nas gramáticas responde moi parcialmente ó que ocorre na lingua oral. Vexamos separadamente cada unha das partículas<sup>8</sup>.

3 *Ca=que*. Xa apuntabamos máis arriba que o timbre vocálico da partícula está as máis das veces enmascarado, caso que se dá de contino sempre que a palabra seguinte empece por vocal. Este fenómeno rexístrao con bastante fidelidade a lingua galega escrita antes do ano '51 dado que o uso case xe-

<sup>3</sup> VALLADARES NUÑEZ, Marcial, *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1970. En realidade o manuscrito está datado en 1892.

<sup>4</sup> LUGRIS FREIRE, M., *Gramática do idioma galego*, 2.<sup>a</sup> ed. correxida e aumentada, Moret, A Cruña, 1931.

<sup>5</sup> COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*, Barcelona, 1935.

<sup>6</sup> CARBALLO CALERO, Ricardo, *Gramática elemental del gallego común*, 3.<sup>a</sup> ed., Galaxia, Vigo, 1970.

<sup>7</sup> CARRE ALVARELLOS, Leandro, *Gramática gallega*, Moret, La Coruña, 1967.

<sup>8</sup> *Ca=que* introducen unha comparación de desigualdade (*máis/menos... ca=que*) ou de igualdade no caso de ir introducida por *igual* ou o *mesmo* (*igual...ca=que*). *Como=coma* introducen sempre comparacións de igualdade.

neral do apóstrofo indicaba a elisión dunha vocal. Arredor deste ano deixáron de se utilizá-las cómodas formas *qu'* e *c'*. Vexamos algúns exemplos:

*e ela vale máis*

*cos mosos estricados*

Mirás, *Gramática* p. 100<sup>9</sup>

*que se me canga abofellas*

*millor qu'escibire en verso*

Noriega, *Do ermo* p. 41<sup>10</sup>

*por mor d'unha rapaza máis feiticeira*

*qu'as froliñas que nascen na primadeira*

Noriega, *Ib.* p. 42

*non son mais kun adorno*

Ribalta, *L. da Konsagrazi3n* p. 157<sup>11</sup>.

¿Qué vocal habería que restaurar nos casos anteriores se quixéramos escribi-la partícula plena?

4 Pra sabelo compre recurrirmos a casos en que a palabra que sigue á partícula empece por consonante. E agora pra máis seguridade tomarémos-los exemplos da fala popular por ser máis espontánea e estar máis libre de prexuícios. Según os datos que temos recolleitos e conforme á nosa experiencia de falante nativo rexistrámo-lo seguinte:

a) diante das formas oblicuas do pronome personal a partícula é invariablemente *ca*:

*Ainda ten menos cartos ca min*

*Está máis avellentado ca ti*

*Chegaron antes ca nós*

b) diante de outras palabras que empecen por consonante alternan o uso de *ca* e *que*, mesmo a nivel idiolectal. Non temos estadísticas nin podemos establecer polo de agora se se pode facer un estudio xeográfico do fenómeno pro parécenos que a convivencia das dúas formas se debe explicar por unha concurrencia de dúas sincronías diferentes nas que a fase máis antiga está representada por *ca*. Vexamos algúns exemplos recollidos ocasionalmente en distintos puntos do territorio de fala galega:

*Cuando la perdiz canta*

*anublado viene,*

*no hai mejor seña de agua*

*ca cando llueve*

Busqueimado, Ayto. de Santalla de Oscos, Asturias.

*Daquela tiña eu máis humor ca teño agora*

As Pedreiras, Ayto. de Lugo.

<sup>9</sup> MIRAS, Francisco, *Compendio de gramática castellana-gallega precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creación y Redención. Un extracto de fábulas de los mejores fabulistas así como del autor*, Santiago, 1864.

<sup>10</sup> NORIEGA VARELA, Antonio, *D'o ermo*, 4.<sup>a</sup> ed., Lugo, 1946.

<sup>11</sup> RIBALTA, Aurelio, *Libro da Konsagrazi3n*, Madrid, 1903.

[nom 'pujðem pi'kaŋ naða 'majs ka 'sete 'leβres] \*  
 As Negradas, Ayto. de Guitiriz <sup>12</sup>.  
*caminaban a Belén*  
*más de noite ca de día*  
 Novefontes, Ayto. da Estrada <sup>13</sup>.  
*pra matá-la sede quero mellor branco ca tinto*  
 Cambados.

Ó lado desta forma tamén atopamos *que*, aínda no mesmo individuo, como acontece no seguinte exemplo tomado asemade nas Negradas, Guitiriz <sup>12</sup>:

[e 'ew nom'fi,sem'majs ke toŋ 'naŋ]

A pesar da concurrencia, insistimos, *ca* apodera a *que*.

Na maioría dos sitios onde escoitamos *ca* a cualidade e intensidade da vocal é idéntica á do artigo feminino. En algúns puntos (Vale da Suarna), por eso, o seu timbre e intensidade són idénticos ó que resulta da contracción da prep. *a* co art. *a* (ort. *á*). Hai, logo, dúas áreas, asegún o *ca* se trate coma átono (t'em 'majs ka 'mīŋ) ou coma tónico [t'em 'majs 'ka 'mīŋ]. Cál é das dúas formas a máis moderna non podemos decidilo agora pro entendemos que debe sé-la segunda. É indicio desto a extensión moito meirande [ka] <sup>14</sup>.

5 Veñamos agora ó caso en que a partícula comparativa aparece diante de vocal. Nesta circunstancia, asegún dixemos, en conversación espontánea elídese a vocal final da partícula por amor dunha asimilación total ou parcial. Pro aínda así temos indicios que nos permiten restaurá-lo timbre da vocal asimilada e sabermos se se trata dun *-a* ou dun *-e*.

Sabemos, en efecto, que diante dun *a-*, [e]-, [o]-, *u-*, átonos ou tónicos, o *-e* asimilase totalmente:

*este enredo é da nena* [ða 'nēna]  
*di qu'espera aquí* [kes'peŋa]  
*este enredo é do neno* [ðo]  
*estaba chosco dun ollo* [ðuŋ]

Pola contra, un *-a*, diante daquelas mesmas vocales desaparece abríndolle-lo timbre, dando lugar, deste xeito, a unha asimilación recíproca e non total coma no caso anterior:

\* Por dificultades tipográficas transcribimos a dental ficativa sonora por ð.

<sup>12</sup> Ex. recollido por PENA SEIJAS, Jesús, en *Vida e fala de Guitiriz (Negradas)*, Tesina, Universidade de Santiago, Fac. de Filosofía e Letras, 1970, inédita.

<sup>13</sup> Ex. recollido por LOPEZ FERNANDEZ, Jesús, en *Vocabulario de Novefontes*, tesina, Universidade de Santiago, Fac. de Filosofía e Letras, 1969, inédita.

<sup>14</sup> Ten habido discusión de se o que diferencia significantes como

*viñeron as tres / viñeron ás tres*

*non ando máis ca túa ('con a') / non ando máis cá túa ('ca a')*

é un rasgo inherente ou prosódico. Inclinámonos a pensar que é isto segundo visto que os *a* de *as/ás* e *ca/cá* son idénticos, os da secuencia *da* nas frases seguintes

*o prado da herba / o prado dá herba*

onde *da* e *dá* son distintos non porque se opoñan senón porque contrastan.

Debémoslle esta información a D. Amable Veiga.

No caso de *o/ó* (*o muíño/ó muíño*) a máis do rasgo suprasegmental da intensidade hai o rasgo inherente do timbre (o/ó).

*marcharon ás tres* ([<sup>ʰ</sup>as])  
*mira pr'ela* ([<sup>ʰ</sup>pre'la])<sup>15</sup>  
*deullo ó primeiro qu'atopóu* ([<sup>ʰ</sup>ɔ])  
*vanlle os pelos todos ón xeito* ([<sup>ʰ</sup>ɔŋ])<sup>16</sup>

Tendo en conta esto e sabendo que o timbre que resulta da asimilación da vocal final da partícula comparativa e a inicial da palabra que sigue é aberto, resulta doado deducir que a partícula enmascarada é *ca* e non *que*.

Deste xeito as contraccións de frases coma

*é millor a miña cá túa* ([<sup>ʰ</sup>ka])  
*é millor aquela qu'ésta* ([<sup>ʰ</sup>kɛsta])  
*é millor o meu có teu* ([<sup>ʰ</sup>kɔ])  
*é máis largo c'ón día sin pan* ([<sup>ʰ</sup>kɔŋ])

hai que analizalas en

*é millor a miña ca a túa*  
*é millor aquela ca esta*  
*é millor o meu ca o teu*  
*é mais largo ca un día sin pan.*

E así sempre, practicamente sin vacilación.

Tendo en conta a ocorrencia maioritaria de *ca* na fala viva comprirá decidir se debe transcender ou non á literatura, labor do que debe ocuparse a gramática normativa. Parécenos, por eso, que debería sé-la forma recomendada por razóns de extensión, enxebreza e rentabilidade.

Despóis de falarmos da distribución, nin arbitraria nin complementaria, de *ca* e *que*, cun predominio no plano de frecuencias da primeira, vexamos agora cal poido sé-la orixe desta duplicidade.

6 Se tomamos como materia comparativa sóio o iberorromance (galego-portugués, castelán e catalán) e dada a mairande extensión de *que* poderíamos pensar que esta fose orixinariamente a única forma posible. Neste caso, pra esplicar *ca* habería que partir de sintagmas onde inmediatamente despóis do *que* figurase a preposición *a* ou mesmo outras palabras que empezasen por *a*-. De secuencias coma

\* *deulle máis a el que a min*  
 \* *quérelle máis ó neno que a a nena*

puido pasarse a

*deulle máis a el qu'a min*

e a partir de aquí, por unha contaminación por contigüidade, puido xeneralizarse o *ca* a calquera posición, mesmo onde non houbese *a*- tras do *que*:

*estaba máis fea ca ningunha*  
*chegóu máis axina ca min.*

<sup>15</sup> Documentada polo menos no Vale da Suarna.

<sup>16</sup> Frecuente en moitas partes. A forma non tivo cabida mesmo na literatura. Cft. "Como din alí, Rañolas contáballe os pelos ón can e sabía o que esqueceu o demo", CASTELAO, *Os dous de sempre*, Santiago, 1934, p. 27. Hai máis exemplos ó longo do libro. Tamén aparecen en outras obras deste e outros autores.

Aínda sin recurrir á comparación con outras línguas nin á historia da que nos ocupa poderíamos contradecir esta hipótesis. Por unha parte resulta ilóxico pensar que un uso pouco frecuente (*que+a-*) poidera xeneralizarse e substituí-lo uso etimolóxico. Por outra banda tamén hai unha dificultade fonética: *que+a* (preposición ou artigo) daría un resultado [ka], átono, ase- gún nos demostran os outros *que* relacionados diante da preposición *a* ou do artigo *a*:

*non sabía que a casa era túa* [nõŋ sa'βia ka 'kasa 'ɛta 'tua]

*este é o neno que a trouxo* ['este 'ɛ o 'nẽno ka 'trɔwʃo]

mentras que

*e máis novo o neno cá nena* ['ɛ mais 'nɔʃo o 'nẽno 'ka 'nẽna].

Pro o argumento definitivo contra esta teoría vennos de compará-lo ga- lego actual co antigo e con outras linguas romances antigas e modernas. A pouco que manexemos testos medievales confirmase a nosa hipótesis de que o orixinario foi *ca*. Nos *Cancioneiros* é case universal. Vexamos algúns exem- plos:

*andaredes i melhor*

*ca na sela rengedor*

Lopo Lías, CBN, 1348; CV, 955<sup>17</sup>

*melhor é de seer traedor ca morrer escomungado*

Airas Pérez Vuitoron, CBN, 1477; CV, 1088<sup>18</sup>

*por meu mal uiuo mais ca uos cuidades*

Martín Soares, CB (hoxe CBN), 131; CA, 46<sup>19</sup>

*Ai Deus, que mha fezeistes mais ca min amar*

Bernaldo de Bonaval, CV, 657<sup>20</sup>.

Poderíamos multiplicar doadamente os exemplos.

En outros testos medievales tampouco non faltan mostras:

*et os judeus queriã ante ali morrer cõtra voõtade de Josephus  
ca obedecer ao senorio de Vespasiano*

*Miragres de San Santiago*<sup>21</sup>

*teuo que era Blioberis ca o dultaua mais ca todos*

Fragmento de un *Livro de Tristán*<sup>22</sup>.

É verdade, con todo, que figuran exemplos de *que* comparativo nos testos medievales: raros nos *Cancioneiros* abundan algo máis na prosa, quizáis por tratarse de traducións. É a forma única na *Crónica Troyana*. Velaiquí algúns exemplos de distintas épocas:

<sup>17</sup> Citamos pola edición de RODRIGUES LAPA, *Cantigas d'escarnho e maldizer*, 2.<sup>a</sup> ed., Ed. Galaxia, Vigo, 1970, cantiga 262.

<sup>18</sup> LAPA, *o. c.*, cantiga 131.

<sup>19</sup> Citamos pola edición de J. J. NUNES, *Crestomatia arcaica*, 6.<sup>a</sup> ed., Livraria Clássica Editora, Lisboa, 1967, p. 233.

<sup>20</sup> NUNES, *o. c.*, p. 233.

<sup>21</sup> Citamos pola edición de PENSADO, *Miragres de Santiago*, edición y estudio crítico, RFE, anejo LVIII, CSIC, Madrid, 1958, p. 38.

<sup>22</sup> Citamos pola edición de PENSADO, *Fragmento de un "Livro de Tristán" galaico-portugués*, edición y estudio, CEG, anejo XIV, CSIC, Santiago de Compostela, 1962, p. 64.

*e o agoirador torpe, que diz  
que mais vale o corvo que a perdiz  
nunca o Deus leixe melhor escolher*

Joan Airas de Santiago, CV, 601<sup>23</sup>

*que, quant' é mia senhor,  
Don Bernaldo, que a vossa melhor,  
tanto me faz maior coita sofrer*

Abril Pérez (en tensión contra Bernaldo de Bonaval)  
CBN, 1072; CV, 663<sup>24</sup>

*Et o fillo liidimo como era de mellor lugar, asi era mais  
apraziuele et mellor que Pilatus en toda las cousas  
Miragres de Santiago<sup>25</sup>.*

7 A alternancia *ca=que*, xa que logo, non é ningún fenómeno novo no galego. Pro máis ca destacá-la vacilación interésanos rexistrá-la existencia e predominio de *ca* nas orixes do idioma. Isto fai totalmente inaceptable a suposición de que se trata dunha innovación a partir de *que a*. En efecto, a súa verdadeira orixe remóntase ó lat. *quam* como xa supoñía Saco hai máis de 100 anos<sup>26</sup>. Non se trata por outra banda dun resultado exclusivo do galego. A forma *ca* era frecuente na Edade Media en outros puntos da Romanía e conserva actualmente plena vitalidade, a máis do galego, en dialectos suditálicos e en rumano<sup>27</sup>, ou sexa, nas áreas reputadas como máis arcaizantes dentro do territorio romance. O seu vencellamento xenealóxico con *quam* convírtese deste xeito en incuestionable.

O que en realidade sucedeu foi, logo, mesmamente o contrario do que apuntabamos na hipótesis anterior: o *que*, partícula que orixinariamente non era comparativa, foi quen suplantou a *ca*. Resta entón explicar onde haberá que buscá-la causa da invasión de *que* no territorio de *ca*, que en moitas linguas romances se convertiu nunha usurpación total do dominio, ás veces dende a época preliteraria. Pro pra eso compre aclararmos antes algún concepto.

8 Resulta sabido que unha oración pode estar transposta en sustantivo, adxetivo ou adverbio. Estas transposicións adoitan levar un índice transpositor cando o núcleo verbal está en forma personal. No caso das sustantivas é un *que*<sup>28</sup>: *quero [que veñas]*. Este sustantivo estenso pode té-las mesmas relacións sintagmáticas co núcleo *ca* un sustantivo non estenso calquera. E decir:

<sup>23</sup> LAPA, *o. c.*, cantiga 178.

<sup>24</sup> LAPA, *o. c.*, cantiga 87.

<sup>25</sup> *Miragres*, p. 48.

<sup>26</sup> SACO Y ARCE, J. A., *o. c.*, § 211.

<sup>27</sup> Cft. lombardo ant. *e plu seran nigri ca mora*, senés ant. *ho 'l me' cor piú 'umil ca la seta*, 'teño o corazón máis humilde cá seda' pullés mod. *kkiú ttuöste ka la ppraite* 'máis duro cá pedras', calabrés mod. *mègghiu òji ca dumani*, tódolos exemplos están tomados de ROHLFS, G., *Grammatica storica della lingua italiana e dei suoi dialetti*, 3 vol. Piccola Biblioteca Einaudi, Torino, 1967. § 405. Hai algún exemplo máis en TEKAVČIĆ, Pavao, *Grammatica storica dell'italiano*, 3 vol. Ed. Il Mulino, Bologna, 1972. § 634. Pró rum. cft. p. ex nu-i așa de tare ca tine 'non é tan forte coma tí', *pamîntul este mai mare ca luna 'a terra e mairande cá lúa'*.

<sup>28</sup> ALARCOS, *o. c.*, 192-194, /que/¹.

suxeto (*é preciso [que veñas]*), c. d. (*dixo [que ganara]*), c. ind. (*castigábanos pra [que aprendésemos]*), c. c. (*deitouse sin [que o sentisen]*, *dáme un homiño an [que me esfole]*, *compróuno por [que lle petóu]*).

No caso das adxetivas tamén é un *que*<sup>29</sup>: *perdín o libro [que me prestaras]*.

Ora, no caso das adverbiales habería que facer unha distinción. Por un lado as que podemos chamar propiamente adverbiales, ou sexa, aquelas nas que o elemento adverbializador é un relativo: *onde*, *como*, *cando*, *mentras*, *se*, etc., según o tipo de circunstancia que se queira espresar: *veu [cando lle parecéu]*, *alí foi [onde nos conocemos]*, *fai [como che pareza]*, *iréi [se me chaman]*. E por outro lado aquelas que podemos chamar adverbiales por trasposición, que non son outra cousa que oracións sustantivas (introducidas polo nominalizador *que* se o verbo está en forma personal) subordinadas ó seu núcleo mediante unha preposición: *agarda a [que te chamen]*, *dáte por conforme con [que che devolvan a metade]*, *non quero por [que me parece un abuso]*, *falta pouco pra [que escoreza]*. En realidade se as gramáticas ó uso foran consecuentes chamaríanlles sustantivas a estas oracións do mesmo xeito que siguen considerando sustantivo (e non adverbio) ó sustantivo non estenso precedido por preposición. A identificación das sustantivas circunstanciales coas adverbiales deste segundo tipo débese a que se lle presta máis atención ó sentido có procedemento. Ora ben, insistimos, propiamente adverbiales son aquelas en que o elemento entre corchetes é sustituíble por un adverbio. Cp., *fixoo [como lle parecéu] = fixoo [así]* con *fixoo por [que lle parecéu] = fixoo por [eso]*.

9 Volvendo agora ó que nos interesa, a frase comparativa é, coidamos, sempre adverbial e os seus relacionantes son as partículas que nos ocupan: *ca=que* e *como=coma*. Hai tamén outras fórmulas de comparación (*máis/menos... do que*) que agora non nos interesan. *Ca=que* son, polo tanto, relativos adverbiales de función idéntica á de *cando*, *onde*, *se*, etc. O orixinario era, como decíamos iñantes, *ca*; pro pola ausencia dunha fronteira neta entre a frase comparativa e algún tipo de sustantivas circunstanciales xurdiu un territorio onde *ca* e *que* son equivalentes, por exemplo, na frase temporal. Cft. *chegóu antes ca min*, *chegóu antes que eu chegara*. Nestes casos úsase *ca* na frase elíptica e *que* na plena<sup>30</sup>.

A partir desta intersección onde *ca* e *que* eran equivalentes, o *que* puido ampliá-lo seu eido lexítimo hastra chegar á situación moderna onde ven a ser facultativa a escolla entre *ca* e *que*. Ora ben, este *que* comparativo xa non é nominalizador nin adxetivador, senón adverbializador, coma *ca*. Por eso, podemoslle chamar, con Alarcos, *que*<sup>31</sup>.

10 Compre termos ollo que aínda hai outro *que* que se confundiu fonéticamente cos outros tres *que*. Referímonos o que aparece como adverbializador

<sup>29</sup> ALARCOS, o. c., 195, /*que*/<sup>2</sup>.

<sup>30</sup> A frase temporal adoita ser elíptica cando cada ún dos términos comparados teñen en común o núcleo da FV: *volveron antes ca Pedro* ou mesmo *quero antes auga ca viño*.

<sup>31</sup> ALARCOS, o. c., p. 204-206. Discrepamos, con todo, de Alarcos en canto á función deste /*que*/; cft. arriba nota 1.

das oracións consecutivas: *chovía tanto que non poiden sair, era tan guapa que chamaba a atención, estaba tan lonxe que non se vía*. A pesar da aparente semellanza destas oracións coas comparativas mantivéronse sempre ben diferenciadas no tocante ó uso das partículas. En ningunha época da lingua atopamos, p. ex., un caso de *ca* consecutivo.

Non cabe duda que estas oracións teñen certo parentesco coas adxetivas pro non hastra o punto de considerá-las coma unha clase delas. É decir, non podemos identificar, en definitiva, o *que* consecutivo co *que*<sub>2</sub> como fai Alarcos (o. c. p. 195). Porque se ben é posible substituír *o caldo estaba que queimaba* por *o caldo estaba quente*, eso débese ó carácter elíptico da oración principal. En *o caldo estaba quente [que queimaba]* xa no é posible facer tal substitución; a frase que incluímos entre corchetes incide sobre o adxetivo *quente* dun modo semellante a como pode facer un adverbio de cantidade non estenso: *o caldo estaba [moi] quente*. Esta incidencia e indiscutible no caso de que o elemento intensificado sexa un proceso (verbo predicativo): *corría que se mataba*. Máis aínda: moitas e das veces esta substitución xa se fai automaticamente a través do cuantitativo *tanto* ou similares que logo se desdobra en oración: *marchou tan contento que nin dixo adiós* onde *tanto = que non dixo adiós*. O único caso en que poden considerarse adxetivas estas oracións (e pra eso equivalentes a un adxetivo indefinido) é cando a incidencia da oración consecutiva repercute sobre un sustantivo: *había [tanta] xente [que non se andaba] = había [moita] xente*.

Volviendo agora ó caso, este *que* consecutivo poido estar orixinariamente emparentado por un lado co *que* nominalizador, pois semánticamente (polo significado do verbo principal) algunhas oracións subxetivas poden ser tamén consecutivas: *esta foto parece que fala*. Por esta banda o *que* consecutivo entróncase co QUOD=QUID latino coma o *que*<sub>1</sub>. E por outro lado está tamén relacionado co *que* adxetivador, co que se interfere en algúns casos, por ex., cando nun elemento sustantivo da oración principal vai implícita unha nota cuantitativa: Cft. *deu un berro que resonou no valé todo*. Por estouta vertente o *que* consecutivo enlázase co QUEM latino, orixe do *que*<sub>2</sub> (Corominas, DCELC, s. v.).

II Compre termos tamén ollo que no galego antigo había outros *ca* a máis do comparativo. Por ex., o mesmo *ca* en castelán, era moi frecuente un *ca* causal:

*e faço gran dereito, ca meus sobrinhos son*

Airas Nunes, CBN, 888; CV, 466<sup>32</sup>

—*Alhur la buscade*

*ca de tal guisa se foi a perder  
que non podemos en novas aver.*

Airas Nunes, CBN, 871; CV, 455<sup>33</sup>

—*Tantos cantares por que fazedes?*

—*Senhor, ca nunca m'escaccedes.*

Joan Airas, CV, 606; CBN, 1016<sup>34</sup>.

<sup>32</sup> LAPA, o. c., cantiga 70.

<sup>33</sup> LAPA, o. c., cantiga 69.

<sup>34</sup> Cito pola edición de NUNES, *Cantigas de amigo dos trovadores galego portuguesas*, 3 vol., Centro do livro brasileiro, Lisboa, 1973, vol. II, cantiga CCXCII.

12 E moi frecuente tamén era un *ca* nominalizador, introdutor de oracións que dependían de un verbo de significado afín a 'decir' ou 'pensar':

*logo vós diredes ca fezeistes*

*comigo quanto fazer quisestes*

Joan Airas, CV, 616; CBN, 1026<sup>35</sup>

*e cuydo ca me quer matar*

Osoir'Eanes, CBN, 13; CA, 323<sup>36</sup>

*pero mostrado devia seer*

*ca non pode per nulla ren veer*

*mal ome que non vee nemigalha*

Joan Soárez Coelho, CV, 1014<sup>37</sup>.

Este *ca* causal e completivo orixinouse nun *QUIA* latino e acabou dasaparecendo asimilado a *que* (lat. *QUOD*=*QUID*) das frases volitivas<sup>38</sup>. Aínda queda hoxe un testigo deste *ca* na expresión, bastante frecuente, *sei ca*:

*e seica, seica tiven soidades*

*daquela pena...*

Rosalía, *Follas novas*, X<sup>39</sup>.

13 *Como*=*coma*. Veñamos agora ó caso destouta partícula. Tamén aquí pode estar enmascarado o timbre da vocal final por estar parcial ou totalmente asimilado á vocal inicial da palabra seguinte, caso que resulta sé-lo maioritario. Ora ben, a lingua escrita foi sempre algo reacia a practicá-la elisión (aínda antes do acordo de Galaxia de eliminá-los apóstrofes), quizáis porque haxa certa resistencia a apostrofar palabras de máis dunha sílaba. Con todo e así hai abundantes mostras de *com'* na literatura. Vexamos un par de exemplos:

*Son brancas com'a folerpa,*

*seguidas com'a espadana,*

*coloradas com'a guinda,*

*meigas com'a lus da yalba.*

Noriega, *o. c.*, p. 62

*vello com'os camiños.*

*Nós*, 27, p. 19 (transcipción de V. R(isco)).

14 Compre logo proceder dun xeito semellante a como fixemos con *que*=*ca* pra descubrí-lo verdadeiro timbre da vocal elidida. Pra eso recurriremos a casos en que a partícula apareza diante de consonante. Nesta posición rexistráramos os seguintes resultados:

a) Diante de pronomes personales tónicos a forma universal é *coma*:

*come tanto coma min*

*é tan alto coma ti*

*vive tan lonxe coma nós.*

<sup>35</sup> NUNES, *Cantigas*, cantiga CCCII.

<sup>36</sup> NUNES, *Crestomatia*, p. 228.

<sup>37</sup> LAPA, *o. c.*, cantiga 231.

<sup>38</sup> Sobre a distribución de *ut* e *quod* en lat. e romance v. ROHLFS, *Romanische Sprachgeografie*, C. H. Beck Verlag, München, 1971, § 43.

<sup>39</sup> Cito pola edición do Patronato Rosalía de Castro, *Poesías* (ó coidado da Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago), Vigo, 1973, p. 169.

b) Se a partícula que nos ocupa precede inmediatamente ó núcleo do predicado da oración subordinada, de acordo co material que levamos recollido hastra agora e guiándonos polo noso sentimento lingüístico, adoita ser sempre *como*:

*sabe el tanto deso como sei eu de capador  
ten tanto como parece*<sup>40</sup>.

c) Cando o núcleo do predicado vai elidido ou dissociado da partícula por unha palabra que non sexa un pronome personal átono vacilase na escolla de *como* e *coma* pro parece haber un certo predominio de *coma*:

*chovía tanto dentro coma/como fora  
falaba coma/como tres cotorras  
aquele tanto andaba de noite coma/como de día  
os pais eran coma/como calisquera outros  
na miña casa fanse tantos chourizos coma/como días ten o ano;*

nunca:

*... \* tantos coma ten días o ano.*

d) Hai casos en que a oración non é puramente comparativa senón comparativa-temporal, comparativa-condicional, comparativa-sustantiva, comparativa-relativa e mesmo comparativa-relativa-sustantiva. Neste caso tamén adoita habé-la mesma vacilación ca en c), quizáis porque despóis da partícula comparativa vai outra que matiza o valor da oración e disocia o *como/coma* do núcleo do predicado. Vexamos un exemplo de cada unha das clases mencionadas:

*non é tan guapa coma/como cando era nova  
chovía coma/como se fora ví-la fin do mundo  
faiete coma/como que estás morrendo  
mallóu nel coma/como quen malla nun centeo verde  
falaba coma/como quen que tanto lle daba.*

15 En caso de ir diante de vocal, mesmo na lingua oral resulta bastante frecuente atopá-la partícula sin elisión especialmente cando as dúas vocales encontradas son heterórganas. Sendo así rixen as mesmas regras de distribución que mencionabamos arriba:

- a) *tan bo és ti coma el  
non aprendía tan axiña coma ela*
- b) *ten tanto como aparenta  
é tan listo como argalleiro*<sup>40</sup>
- c) *había tantas arriba como abaixo  
chovéu tanto onte coma hoxe.*

Adoita haber elisión no caso de atopárense vocales homórganas ou ben en caso de sintagmas moi frecuentes tales como *partícula+artículo*. Cando é así trátase case sempre do caso c):

<sup>40</sup> En caso de tratarse de predicados nominales con suxeto elíptico, conforme ó sentimento lingüístico noso poden alternar *como* e *coma* pro parécenos máis aceptable *como*

*é tan rico como porco = é tan rico coma porco.*

Diante dun suxeto con predicado elíptico ocúrrenos ó revés

*é tan rico coma Pedro = é tan rico como Pedro.*

*eso xa é tan vello com'Adán  
tanto me ten esta com'aquela  
tanto me ten aquela com'esta  
era ruin com'a nacida  
era duro com'os pes dun santo  
corría com'un lóstrego.*

Ora, nestes casos, a ortografía transcribe os feitos sóio a medias pois a asimilación (bardante o caso de *com'+un*) é recíproca, é decir, a vocal resultante da crasis é aberta e tónica. Ou sexa

[ʔβελο kom'aʔðaŋ]  
[ʔesta kom'aʔkela]  
[aʔkela ko'mesta]<sup>15</sup>  
[ʔrwiŋ ko'mã naʔθiða]  
[ʔduro ko'mɔs ʔpes]

No caso de *com'+un* a asimilación pode ser total, coma no caso visto arriba

[ko'mũŋ ʔlostreyo]

ou ben recíproca, coma nos exemplos que siguen, tomados de Castelao e frecuentes en outros autores e, por suposto, en moitos puntos da rexión:

*Cantaba com'on xilgaro e bailaba com'on argadelo*<sup>41</sup>  
*quedóuse com'on santo*<sup>42</sup>  
*calquera de nós podía morrer alí e ser soterrado com'on can*<sup>43</sup>.

Pois ben, no caso de a simulación ser recíproca, a partícula non pode ser outra que *coma*, porque sóio *a* pode produci-la abertura dunha vocal de timbre medio-zarrado ou zarrado. Dúas vocales de timbre medio-zarrado (*o+o* ou *o+e*) ou medio-zarrado+zarrado (*o+u*, ou *o+i*) sóio poden dar asimilacións totales. Isto podémo-lo demostrar ben axiña, a través das formas *como* e *coma* do verbo *comer* e homófonas da partícula que nos ocupa

(*eu*) *como* o caldo [ʔkom o ʔkaɫdo]  
(*vostede*) *coma* o caldo [ʔko'mɔ ʔkaɫdo]

16 Visto como se presenta a distribución de *como* e *coma* tócalle agora á gramática normativa decidir en qué casos se debe recomendar cada unha das dúas formas. Quen tome esta decisión compre que teña en conta que non é de ningún modo admisible desterrar unha das dúas porque se ben é verdade que en moitos casos a distribución é arbitraria (usos c) e d)) tamén é verdade que hai outros onde sóio é admisible unha das dúas. Non esquecer tampouco que os sintagmas *com'ô*, *com'á*, *com'ón* (e decir *coma o*, *coma a* e *coma un*) alcanzan máis frecuencia ca tódolos outros casos xuntos.

17 Finalmente, é mester termos en conta que hai un tipo de oracións adverbiales que teñen unha área común coas comparativas de igualdade: as modales. Moitas e das veces non é posible xebralas dado que unha oración modal, especialmente a que é reducible a *así*, implica unha identidade de *ser*

<sup>41</sup> R. CASTELAO, A., *Retrincos*, Ed. Nós, Santiago, 1934, p. 55.

<sup>42</sup> *Ibíd.*, p. 36.

<sup>43</sup> *Ibíd.*, p. 19.

ou de *facer*. De ahí que na oración elíptica modal se use tamén *coma*, diante de pronome personal oblicuo tónico; *como*=*coma*, diante de sustantivo e adxetivo; e na oración non elíptica, sóio *como*

*fixo coma min // é coma min*  
*fixo coma/como seu pai // é coma/como seu pai*  
*fixo como lle parecéu.*

Dunha maneira máis práctica: úsanse *como* e *coma* (sóio *coma* diante de pronome personal oblicuo tónico) cando se pode sustituí-la partícula por *igual que*=*igual ca*. Sóio se usa *como* cando a substitución esixe *conforme* ou *segundo*:

*fixo igual ca min*  
*fixo conforme lle parecéu.*

Non esquecer tampouco que hai outras subordinadas que levan *como* de enlace. Por exemplo, causales (*como chovéu non fun*), condicionales (*como non esteas preparado non te agardo*) e aínda outras. Nestes casos nunca se dá a elipsis do verbo, non hai logo outra posibilidade fora de *como*.

Réstanos agora intentar esclarecé-la orixe da dualidade de partículas: *como* e *coma*.

18 Tocante a *como* non hai duda ningunha; remóntase o l. v. *QUOMO*, forma apocopada do cl. *QUOMODO* que xa na época de Cicerón tiña o mesmo valor relativo ca hoxe.

19 Non resulta tan doado de saber de onde ven a forma *coma*. Podería pensarse na posibilidade de que resultase da contracción de *como*+*a* en frases onde o segundo término da comparación fose un c. i. \* *tanto lle deu a Xan com'a Pedro*, un c. d. personal introducido por *a* \* *estimaba a seu sogro tanto com'a seu pai*, e mesmo un c. c. introducido por *a* \* *tan capaz é de decilas por atrás com'a a cara*. De aquí poido estenderse a forma *coma* ó resto dos casos, onde orixinariamente non era posible a secuencia *como a*: *é pobre coma min*.

Esta hipótesis é a que con reservas ven a propoñer Meyer-Lübke<sup>44</sup>. Non nos acaba de convencer con todo esta teoría porque, coexistindo con *como*, *coma* tiña que ser automaticamente analizado en *como a* e polo tanto quedaba escluída a posibilidade de ser utilizada diante de caso recto (e aínda dos oblicuos non mencionados iñantes). E dicir, habería que admitir, cousa que non parece razoable, que en algún período do idioma esistiron frases equívocas do tipo

*deulles tanto coma nós*  
*estimaba a seu sogro tanto coma seu pai*

que habería que interpretar, según que casos, de dous xeitos

1. *deulles tanto com'a nós (como nos deu a nós)*  
*estimaba a seu sogro como estimaba a seu pai*

<sup>44</sup> MEYER-LUEBKE, W., *Grammaire des langues romanes*, v. III, Syntaxe, París, 1900, § 278.

2. *deulles tanto coma nós (como demos nós)  
estimaba a seu sogro tanto como o estimaba seu pai*<sup>45</sup>.

Dudamos moito que esistiran nunca frases anfibolóxicas coma as mencionadas ou, o que ven a sé-lo mesmo, que se abandonase o claro polo escuro. Haberá logo que buscá-la orixe de *coma* en outro sitio.

20 Parece en principio lóxico non separá-lo *coma* de outra forma afín moi abundante nos testos galegos medievales e en outras linguas romances en estadios antigos e modernos: *come*:

*ca vos vejo come mi lazerar.*

B. de Bonaval (en tensión con A. Pérez) CBN, 1072; CV, 663<sup>46</sup>  
*fazedes come boi, quando jaz  
eno bon prado.*

P. da Ponte, CBN, 1628; CV, 1162<sup>47</sup>

*vós non trobades come proençal  
mais come Bernaldo de Bonaval.*

Afonso X Rei de Castela e León CBN, 487; CV, 70<sup>48</sup>.

O tal *come* non pode ser outra cousa que un QUOMODO ET > *com'e* > *come*<sup>49</sup> que orixinariamente non foi senón unha fórmula enfática de afirmación comparativa que resaltaba a identidade de sentido, semellante ó que ten hoxe a fórmula galega, non lescalizada, *como tamén/coma tamén* ou a máis mecanizada do rumano *cum ši, cit ši*, lit. 'como tamén', 'cuanto tamén'.

21 Volvendo sobre *coma*. A forma está documentada en testos medievales galegos e portugueses

*os nossos grandes amores  
que mi e vós semprouvemos  
nunca lhi cima fezemos  
coma Brancafrol e Flores*

J. G. de Guilhade, CV, 358; CBN, 755<sup>50</sup>.

Compre por eso decirmos que non trascendéu á lingua coa mesma profusión que *como* e *come*. Desconocémo-lo porqué. Podía que se considerase máis vulgar ca *come* e por tal razón era conscientemente eliminada da lingua escrita. De outro xeito non sería doado explicar (se é que *come* e *coma* tiveran igual frecuencia na lingua falada ca na escrita) de qué xeito *coma* acabou vencendo a *come* hastra desterralalo tanto da fala culta coma da popular nos tempos modernos.

<sup>45</sup> Podería pensarse que aínda existe hoxe o caso da sinonimia. Non é verdade porque na frase 1 pronúnciase [kom 'a] e na 2 [koma].

Da mesma opinión de M-L. son tamén Schuchardt, Vising, Subak e outros. Non embargante pra Rohlfs "la derivazione di *komu a* (no noso caso sería *como a*) da un QUOMODO AD non può sostenersi". v. ROHLFS, G., *Gramm*, § 945, n., onde remite a un traballo seu sobre este problema na *ZRPh*, 42, 721 e ss. que nos foi inaccesible.

<sup>46</sup> LAPA, o. c., cantiga 87.

<sup>47</sup> LAPA, o. c., cantiga 344.

<sup>48</sup> LAPA, o. c., cantiga 17.

<sup>49</sup> M-L. l. c.

<sup>50</sup> NUNES, *Cantigas*, cantiga CXC.

De calquera xeito que fose a forma *coma* non é ningún caso illado dentro da Romanía. Figura en testos medievales occitanos e italianos

*E de Rotlan*  
*sabs altretan*  
*coma d'aiso que anc non fon*  
 Giraut de Cabreira<sup>51</sup>  
*comm'a lleone*

*Bagni di Pozzuoli* (libro medieval napolitano)<sup>52</sup>.

No italiano moderno hai aínda mostras abundantes de *coma* en tódalas rexións fora da Toscana, Umbria, Córcega e Cerdeña. A carta 54 do AIS (*Vecchio quanto me*) dános abondosos testimonios da vitalidade desta forma dentro do Cantón Ticino hastra Sicilia.

Debido a esta correspondencia nada esporádica non parece prudente considerar unha xénese individual pra *coma* en cada territorio románico a pesar da discontinuidade xeográfica que hoxe atopamos. Inclinámonos por unha orixe antiga e común que non pode ser outra senón QUOMODO AC<sup>53</sup> fórmula na que entra unha partícula afirmativa enfática, pra suluíala identidade do mesmo xeito que en QUOMODO ET.

Se é que non estamos errados unha amalgama semellante poido ser tamén a forma das preposicións adverbiales *onda* e *canda* ou sexa UNDE AC e QUANDO AC.

Pra rematar compre unha palabra sobre do AC. A súa fortuna nos territorios románicos foi moi escasa debido a perda do -c e polo tanto á homonimia con outro *a* (< lat. AD). Por eso ou ben desapareceu de todo ou quedou fosilizado en casos onde a homonimia non era peligrosa, a saber, nos mencionados (QUOMODO AC, UNDE AC, QUANDO AC), nos numerales (DECEM AC SEPTEM *dezasete*, etc.), e en determinados sintagmas fixos do tipo *ambos a dous*.

<sup>51</sup> Editado por K. BARTSCH-E. KOSCHWITZ na *Crestomathie provençale*, Ed. G. Olms (repr. fot. da 6.<sup>a</sup> ed. de Marburg, 1904), Heildesheim-New York, p. 92, vv. 17-19. Trad.: "E de Rolán/ sabes outro tanto/ coma do que nunca foi".

<sup>52</sup> Ex. tomado de ROHLFS, *Gramm.* § 945.

<sup>53</sup> v. ROHLFS, *ibídem*.